

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN NOVO CIRCO-PISTA CATRO

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2005

REUNIDOS

Dunha parte D. Néstor Rego Candamil, na súa calidade de Concelleiro de Cultura, en representación do Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Xandra Costas Goberna, en nome e representación da Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega, con enderezo en Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluídas nelas a realización de accións de produción, fomento e difusión da cultura e da creación.
2. Que o Concello de Santiago desexa promover unha cultura en proceso, creativa e participativa para que a cidade teña entidade como núcleo de produción artística e non só como receptora de grandes espectáculos culturais, e que desexa mellorar a xestión dos recursos, infraestructuras e valores existentes en Compostela a partir de actuacións coordinadas e complementarias.
3. Que para acadar os citados obxectivos o Concello de Santiago considera prioritaria a colaboración con entidades que desenvolven a súa traxectoria no ámbito da creación e á difusión cultural.
4. Que a Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega naceu na nosa cidade e agrupa a un amplo número de creadores que centran a súa actividade en expresións artísticas teatrais ou circenses contemporáneas. A formación e o espectáculo son os principais eixos de actuación de Novo Circo-Pista Catro, polas que se fixeron xa un recoñecido oco no panorama das artes escénicas e dos novos ámbitos de representación actuais en Santiago.
5. Que, a parte doutras actividades, Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega está especializado en accións de rúa como pasarrúas, festivais de circo ao ar libre... co que ofrecen un amplo programa de actos de especial interese para a condición de Santiago de cidade cultural.
6. Que as actividades ás que se compromete Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega a realizar na cidade en virtude a este convenio son:

-Festival Pistacatro 1

-VI Festa do Circo: pasarrúas pola zona vella da cidade (Alameda, Toural, Rúa Nova e Praza da Quintana) coa actuación do recoñecido profesor de trapezio argentino Néstor Martellini.

-Cabaret Colectivo: (9-10-11 de xuño): Interveñen 30 participantes entre actores, actrices, malabaristas, acróbatas, trapecionistas, técnicos de luz e son, músicos, artistas de rúa, deseñadores e rexiduría. Celebrarase na Sala Nasa.

-Programación específica de verán na que se inclúe:

-Teatro de rúa: actuacións nas prazas de Praterías e Quintana en horario de tarde durante os meses de xuño, xulio, agosto e setembro.

-Festival DeGorra!: Seis espectáculos diarios de humor e de circo feitos por artistas galegas na Praza da Quintana, Praza das Praterías e Praza do Toural (coa posibilidade de ampliar á Praza Roxa

ou outra da zona nova), onde os propios espectadores serán os que valoren e paguen as función dos artistas. O Festival rematará cun espectáculo de Circo e cabaré na Praza da Quintana.

- Pistacatro 2: Celebrarase nos meses de outubro ou novembro e entre os artistas convidados atópase a Compañía LA (UK).

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: A Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega realizará durante o ano 2005 as actividades culturais que se desenvolverán segundo o programa e orzamento que constan neste convenio.

SEGUNDA: O Concello de Santiago colaborará economicamente no desenvolvemento das citadas actividades coa cantidade de 10.000 euros que serán ingresados na conta da entidade. O Concello aboará o importe do convenio nun máximo de tres pagamentos conforme as actividades se desenvolvan e estean convenientemente xustificadas. Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

TERCEIRA: Tanto na publicidade xenérica da Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega como na publicidade puntual dos programas concertados ou en calquera outro material divulgativo, aparecerá o logotipo do Concello de Santiago de Compostela, sendo identificada a súa colaboración baixo a fórmula: "En convenio con". Asimesmo calquera presentación pública das actividades conveniadas deberá contar coa participación de representantes das dúas entidades asinantes deste convenio

Para que as citadas cantidades sexan aboadas será condición necesaria a presentación, con carácter previo a cada pagamento parcial, da seguinte documentación:

- ? Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- ? Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que está en alta e ao corrente dos pagos.
- ? Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- ? Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- ? Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- ? Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente no que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas de outras administracións públicas, ou ente público ou privado, para o mesmo fin.

Asimesmo, co remate das actividades achegarase declaración asinada na que se detallarán as axudas que para este mesmo fin puidera ter recibido a entidade doutras institucións públicas.

QUINTA: Será responsabilidade da sala Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requeridas polas actividades incluídas neste convenio. Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega será tamén responsable dos traballos que desenvolva e das prestacións e servicios realizados, así como das consecuencias que se deduzcan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

SEXTA: Este convenio rexerá durante o ano 2005 e poderá ser prorrogado para o ano 2006 por acordo tácito das partes cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior.

SÉTIMA: Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control e seguimento da súa execución e a vixancia do cumprimento do seu contido.

OITAVA: O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posible controversias someteranse previamente á interpretación conxunta dos representantes do Concello de Santiago e Asociación de Animación Sociocultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega. Caso de non acadar acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento,

POLO CONCELLO DE SANTIAGO

POLA ASOCIACIÓN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E
TEMPO LIBRE NOVO CIRCO E CABARÉ GALEGA

Néstor Rego Candamil
Concelleiro de Cultura

Xandra Costas Goberna
Presidenta da Asociación de Animación Sociocultural e
Tempo Libre Novo Circo e Cabaré Galega